

VOCABULARIO UNIDADE 3. O CLIMA.

Aridez: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas. Falamos da aridez cando o valor de precipitación está por debaixo do valor dobre das temperaturas, de xeito que aparece o déficit hídrico que limita o desenvolvemento da vexetación e xera sequidade. Nos climas mediterráneos os meses que rexistran aridez deixan aos ríos sen auga.

Barlovento: aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario, queda exposta ao fluxo descendente.

Inversión térmica: incremento da temperatura do aire ao aumentar a altura, cando debera de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O aire máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con aire en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal ou nun val.

Isóbara: Liña imaxinaria que une os puntos da superficie terrestre que rexistran unha mesma presión atmosférica. Nos mapas do tempo, as isóbaras trázanse cada 4mb. Cando o seu valor supera o da presión normal (1013mb) constitúen anticiclóns, cando se sitúa por baixo, borrascas.

Isohietas: isoliña imaxinaria que une puntos con iguais valores de precipitacións, nun mapa no que se expresen cantidades de precipitación recibida por áreas. Utilízase sobre todo nos mapas climáticos.

DANA / DINA / Gota fría: **DANA / DINA** é o acrónimo de “depresión illada en niveis altos” da atmosfera. É unha “gota fría” que se illou e desprende do Jet Stream e provoca habitualmente choivas torrenciais por mor da convección atmosférica. É cada vez máis habitual nos períodos desde finais de primavera ata comezos do outono na cunca mediterránea, onde a mestura de aire quente en superficie e aire frío en altura dá lugar a situacións atmosféricas treboentas.



Emerxencia climática: caracterización das consecuencias do quecemento global, acentuado no Antropoceno, a causa das emisións de gases de efecto invernadoiro por mor do consumo masivo de combustibles fósiles. Diversos activistas como Greta Thunberg e Extinction Rebellion fan fincapé nas consecuencias do desxeo polar, o incremento do nivel do mar,... e solicitan aos gobernos mundiais a posta en práctica de políticas ecoloxistas que reduzan os riscos medioambientais.

AMOC: acrónimo de Atlantic Meridional Overturning Circulation, cinta transportadora de calor que facilita a suavidade térmica en Europa occidental. Esta estase a ver diluída pola fusión de xeo ártico nas costas de Groenlandia; en consecuencia, o aporte de auga doce ralentiza a corrente do Golfo, que pouco a pouco desaparecería.